

**UN «ABRENTE RAIOSO NA
HISTORIOGRAFÍA GALEGA».
SOBRE A XESTACIÓN DA *HISTORIA
DE GALIZA* DE OTERO PEDRAYO**

Ramón Villares

Universidade de Santiago de Compostela

DOI: 10.17075/fmfhv.2021.001

Cando chegan a Trasalba, en setembro de 1962, os dous primeiros e guapos volumes da *Historia de Galiza*, dirixida por Otero Pedrayo, pasaran quince anos desde que aquela «grande e magna obra patriótica» lle fora encargada, a instancias de Castelao, polo mecenas porteño Manuel Puente. Durante aqueles anos, a obra dera moitas voltas, algúns dos seus colaboradores mudaran e mesmo abandonaran o proxecto e, ao tempo, xurdira un notable competidor doméstico alentado polo grupo do Instituto P. Sarmiento. Pero os promotores do proxecto «americano» nunca fraquearon nos seus propósitos, porque a idea formaba parte dun mandato de Castelao que, unha vez morto, se volvía aínda máis inescusable. O propio Otero dubidaba se chegaría a ver algún día os primeiros volumes daquela obra, pois era consciente de que «todos somos fillos da morte» e mesmo insistira en deixar nomeado un sucesor por se el faltaba (que, no seu sentir, sería Ferro Couselo). Isto explica o entusiasmo de Otero, que, á vista dos libros acabados de chegar, declara nunha carta ao mecenas da obra: «ando arredor dos volumes, rubo por iles, galgo nos seus secretos» como se fose unha «estesa e formosa montaña», para concluír que estaba a nacer «un abrente raioso na historiografía galega» que permitiría «un medrar do nome da Galiza». A alegría era correlativa a tanta espera, despois de quince anos de traballo na obra querida polo «pastor de sonos», en feliz expresión do poeta Aquilino.

Aqueles dous volumes recollían unha serie de estudos xerais centrados, máis do que podía esperarse do título da obra, na cultura galega na súa máis ancha extensión, precedidos dun gasalleiro prefacio do director que é propiamente historiográfico. Pero o resto dos contidos daqueles dous volumes é de natureza xeográfica (Otero Pedrayo), xeolóxica (Parga Pondal) ou etnográfica, que ocupa as tres cuartas partes deles: unha etnografía «espiritual» escrita por Vicente Risco e unha etnografía «material», obra de Xaquín Lorenzo, con dúas breves achegas de Luís Iglesias e de Emilio Pita. Logo seguiría, no terceiro volume, un longo texto de Florentino López Cuevillas, cunha addenda de Xesús Taboada Chivite.

Debería integrar esta publicación, probablemente no seu primeiro volume, unha «Historia da lingua galega» que lle fora encargada ao latinista e poeta Aquilino Iglesia Alvariño que, polas razóns que se dirán, ficou inédita ata o día de hoxe. A *Historia de Galiza* tivo no seu conxunto unha boa acollida, tanto na Galicia americana como na europea, pero aquel elo perdido do texto sobre a lingua galega tamén contribuíu a orlar dunha aura unha miga mítica á «grande e xeneral historia» dirixida por Ramón Otero Pedrayo. O seu director diría, ao pouco de saíren os dous volumes, que «a obra empeza a coller unha sona misteriosa» (27/1/1963)¹ e así permaneceu por moito tempo. Da súa xestación como proxecto e dos aspectos máis propios do proceso de elaboración e de edición é do que me vou ocupar, porque unha análise máis pormenorizada dos seus contidos precisaría máis espazo e tempo.

A ENCOMENDA DA *HISTORIA DE GALIZA*: O PAPEL DE CASTELAO

Para encadrar a alegría de Otero Pedrayo naquel setembro de 1962, é preciso camiñar río arriba e situármonos na cidade de Buenos Aires, na sazón máis suave do inverno austral de 1947. Naquel ano, Otero Pedrayo viaxara a Buenos Aires para inaugurar a primeira das Xornadas Patrióticas que acababa de propor á Comisión de Cultura do poderoso Centro Galego da capital porteña o seu asesor, Luís Seoane, co amparo do presidente desta, Rodolfo Prada. O convidado, escollido por unanimidade, era un escritor e político galeguista de moito renome, alén de profesor depurado polo franquismo desde 1937 e apartado da súa condición de catedrático do Instituto de Ourense. Contra o final daquela mítica viaxe ao Prata, chegaba Castelao en barco procedente do porto de Marsella. Viña cansado e enfermo, física e espiritualmente, farto do inferno político do exilio republicano en París, onde apenas puido exercer de ministro máis que para defender a república perante dirixentes republicanos e socialistas que comezaran

¹ As citas epistolares non editadas proceden dos fondos documentais seguintes: Ramón Otero Pedrayo, Aquilino Iglesia Alvariño ou Rodolfo Prada (Fundación Penzol), Manuel Puente (Fundación Puente e Consello da Cultura Galega), Filgueira Valverde con Felipe Cordero Carrete (Museo de Pontevedra e Consello da Cultura Galega), Lois Tobío (Consello da Cultura Galega).

a non acreditar no seu futuro para unha España sen Franco. Pero a frouma dos seus pensamentos permanecía clara e a súa vontade patriótica, firme como un beiril dos que labraban os canteiros das terras pontevedresas. Nas longas conversacións que mantiveron na casa de Castelao, na porteña rúa Belgrano, comezou a enxergarse o proxecto que se fixo presente na hora da despedida dos dous amigos.

Tense dito, por boca de Otero Pedrayo, que Galicia é «terra de adeuses». Estaba a pensar nos emigrantes que marchaban cara a América. Pero os adeuses tamén se poden producir á inversa, desde os peiraos americanos para despedir aos que retornan á Terra. Así sucedeu na despedida máis intensa e emotiva que teña rexistrada a historia galega, entre Alfonso Castelao e Ramón Otero Pedrayo na beirarrúa do Automóvil Club Arxentino de Buenos Aires o día 4 de setembro de 1947. Foi despois do xantar que tivo lugar no afamado restaurante daquela sociedade, por convite de Manuel Puente, quen debía acompañar ao casal de Trasalba ata o seu embarque no transatlántico *Cabo de Hornos*, que os traería de volta a Galicia. O abrazo foi longo e a emoción tan grande que o matrimonio Castelao non quixo «sufrir o trance de ollar afastarse o barco». Entre «quentes bágoas» derramadas en silencio naquela rúa sen nome, «despedímonos con este abrazo que será o derradeiro», en palabras de Castelao, logo evocadas polo común anfitrión (Puente, 1958: 48). Naquela aperta de Castelao e Otero estaba implícita unha manda con forza de testamento: que o seu amigo dirixise unha grande *Historia de Galiza*, que sería o ramo para a obra cultural emprendida pola xeración Nós, o Seminario de Estudos Galegos e o enteiro galeguismo republicano.

O mediador daquel encontro era Manuel Puente, un emigrante que saíra pobre da terra de Salvaterra de Miño pero que fixera fortuna na capital porteña. Era persoa feita a si mesma, de ideario republicano e politizado na causa galeguista desde a proclamación da II República en España e a apertura do proceso autonomista en Galicia. A Guerra Civil e, sobre todo, a chegada de Castelao á «Galiza ideal» fortaleceron non só a política do galeguismo no exilio, senón que foi un viveiro ideal para proseguir na América o traballo de construción nacional, política e culturalmente, que a Guerra Civil deixara tronzado. O legado político está representado no libro *Sempre en Galiza* (1944), recibido cun magno banquete da colectividade galega; o legado máis simbólico e conciso foi dito no discurso *Alba de gloria* e, como colofón artístico, no libro a piques de

ser imprentado, *As cruces de pedra na Galiza*, que saíu a lume en 1950, ao pouco de morrer o guieiro. Estes libros de Castelao contiñan un discurso que se soficaba nas raíces e na Tradición. Pero faltaba unha grande Historia de Galicia que dese conta non só do fondo histórico da nación galega, senón do entusiasta traballo desenvolvido durante os anos vinte e primeiros trinta en Galicia e, de ser o caso, tamén no exilio americano.

A encomenda a Otero deste ambicioso proxecto ten distintas versións que cómpre distinguir. No libro en que conta a viaxe a Buenos Aires de 1947, o autor dá unha pista que non é de todo falsa pero que induce a equívocos: «Manuel Puente non declarou, nas moitas conversas connosco en Buenos Aires, o pensamento de xuntar o seu nome á publicación dunha historia da Nosa Terra. Cando tempo despoixa recibimos carta histórica co pensamento da obra, e o desexo de ser nós os ordeadores e directores dela, quedou ben confirmada para nós a figura do grande amigo Puente» (Otero, 1952: 191). Esta idea, con algunha variante, está presente no prólogo publicado en 1962. Pero, pequenas infidelidades da memoria, as cousas non parece que correran daquel xeito porque, de ser así, resultaría que o encargo da obra non se produciría ata o regreso de Otero a Trasalba. Non obstante, no epistolario cruzado con Puente fica ben patente que lle escribe polo menos dúas cartas desde o barco en que regresaba. Á altura de Santa Catarina, Otero di que «cuando llegue le enviaré los proyectos de que hemos hablado» e que «se mantendrá todo en el mayor secreto» e, cando está chegando a Lisboa, reitera (agora, en galego) que «pensei na idea, grande idea, da Historia de Galiza», advertindo de novo sobre o secreto do asunto para non ferir vaidades e evitar unha contaminación co Centro Galego porteño. Menos dun mes máis tarde, unha nova carta anuncia que «el proyecto lo estamos estudiando en secreto entre Cuevillas, Ferro y yo», advertindo que nin a eles lles explicou quen sería o editor, facendo unha vaga referencia a «una empresa editorial». Un pouco máis tarde, unha nova carta de Otero explica o plano editorial, número de volumes previstos, nome de varios autores para ser contratados e uns datos básicos sobre o orzamento da obra.

Acometer a súa publicación era unha tarefa culturalmente necesaria e politicamente coherente. O sentido que tiña aquela empresa era o de ser un broche para as biografías dos dous protagonistas daquela aberta porteña. Pois na eclosión cultural aberta desde 1916 ata a Guerra Civil, o traballo da cultura galega

soficouse na creación e no ensaio literario, na investigación etnográfica, arqueolóxica e filolóxica, na promoción de revistas e na participación activa na vida política e no debate público. Por máis que houbo algunhas tentativas de publicar unha serie de manuais de historia de Galicia —Filgueira matina con Cantón neste asunto, cara a 1935—, non se levara a cabo nin unha revisión global nin unha síntese que, por inacabada que ficase, superase a achega feita polo rexionalismo da man de Manuel Murguía. Esta lagoa era aínda máis sensible no contexto das relacións galeuzcanas que, en Buenos Aires e en París, tanto cultivou Castelao. De feito, cando chegaron a Buenos Aires os primeiros orixinais da obra, Puente anuncia que promoverá unha reunión do Consello de Galiza con vascos e cataláns, para «darlle resoancia» á iniciativa (5/11/1953). A vinculación deste proxecto coa figura de Castelao, que sempre proclamaron Otero e Puente, tamén a tiñan clara colaboradores como Aquilino Iglesia Alvariño, que, dez anos máis tarde, trata de animar a Otero en momentos de desacougo, falándolle de que tamén el traballa para «termar, no que de ún dependa, do doce sono do amigo morto» (26/6/1957).

Esta petición de Castelao ao seu amigo Otero Pedrayo tiña algo de imperativo patriótico coherente coa obsesión do rianxeiro de deixar colocadas as vigas mestras da cultura e do pensamento de Galicia, perante a intuición de que o retorno á Terra ficara adiado por moito tempo. Para aquela aventura faltaba o mecenado que a fixese viable. Foi Manuel Puente, xa principal subsidiador do Consello de Galiza, quen asumiu, naquel contexto emotivo da despedida dos dous amigos, o compromiso de soste os gastos de elaboración e de edición da obra. Castelao non sospeitaba que tardaría tanto, pero Puente mantivo con fe de carboeiro aquela idea e Otero superou atrancos de vellos e novos amigos, ata que o «abrente raioso» en forma de libro apareceu quince anos máis tarde, en edición ao coidado de Lois Tobío, quen aceptou a encomenda en 1956, a petición de Puente, Prada e Abreira, desprazados a Montevideo con aquel fin.

Tobío cumpriu aquela encomenda e ocupouse co seu rigor habitual de corri-xir e unificar a lingua dos diversos orixinais enviados a América, así como de coordinar a edición da obra, dispor as ilustracións e tratar con diversas impren-tas. Para darlles unha pegada ben galega, os dous volumes foron imprentados por Barreiro y Ramos (no canto da imprenta López de Buenos Aires, que fora a primeira concertada), en papel fabricado na Industria Papelera de Uruguay

(IPUSA) de Xesús Canabal, con tapa dura e sobrecapa deseñada polo pintor Leopoldo Nóvoa, residente naquela altura na cidade de Montevideo, aínda que o traballo foi feito durante unha estadía en París. Non se trataba dunha cambadela ou sucedáneo, porque as raíces da obra sempre estiveron entre Trasalba e Buenos Aires, onde estaban asentadas as editoras que figuran na obra: Editorial Nós (1962) e Ediciones Galicia (1973). Co traslado de Tobío a Madrid no ano 1963, pensaron Otero e Puente proseguir a edición en España, pero a idea non foi posible, de modo que, como empresa individual —colectivas houbo moitas máis—, esta foi a obra máis ambiciosa da cultura galega realizada entre as dúas Galicias, en tempos adversos pero coa cobiza de abrir novas albas de gloria.

DOUS PROXECTOS HISTORIOGRÁFICOS

O desenvolvemento do proxecto demorouse tantos anos por moitas razóns, unhas persoais e outras claramente obxectivas, debido á distancia con que se traballaba e á aparición en Galicia dun proxecto alternativo. A natureza privada da súa financiación e as mudanzas que o negocio da edición experimentou en Buenos Aires, nomeadamente na segunda metade dos cincuenta, tamén demoraron a edición da obra. Certamente, para explicar todo o proceso de elaboración da grande obra de Otero Pedrayo e os seus resultados, é preciso reparar en varios trazos que marcan a intrahistoria desta. Grazas á correspondencia cruzada entre Otero Pedrayo con Manuel Puente e con outros colaboradores ou amigos disidentes, como Filgueira Valverde, poden seguirse tanto os pasos dados como a razón das demoras producidas e mesmo os fallos de xestión dos proxectos en liza: a *Historia de Galiza* dirixida por Otero e a *Galicia histórica* de Sánchez Cantón e Filgueira Valverde. Proxectos que apareceron en escena de forma case simultánea.

Esta concorrencia entre a chamada «historia americana» e a iniciativa do CSIC-Sarmiento e dos «virtuosos da ciencia oficial» (en apreciación de V. Paz-Andrade) obriga a unha análise do manancial ideolóxico e cultural do que nacían. En primeiro plano están Otero e Filgueira Valverde coa súa pequena falanxe (en parte común) de colaboradores, pero entre bambolinas estaban a deseñarse dous proxectos culturais representados, dunha banda, por Alfonso

Castelao e o nacionalismo do exilio e do interior e, doutra, polo rexionalismo cultural desenvolvido desde os anos corenta en Galicia polo Instituto P. Sarmiento, substituído do vello Seminario de Estudos Galegos. Substitución que tiña algo de analogía coa que o CSIC fixera da estrutura da Institución Libre de Enseñanza, aquí comandada por Sánchez Cantón desde Madrid e Filgueira Valverde desde o Museo de Pontevedra. Naquela operación, Otero e o grupo de Ourense mantivéronse explicitamente afastados durante algúns anos, malia os reiterados convites que lles chegaron. As dúas figuras de fondo, con amizade persoal tecida na «Boa Vila» pontevedresa antes do 1936, ficaran arredadas xa totalmente pola Guerra Civil. Abondaría ver a nota necrolóxica que Cantón lle dedica a Castelao ao pouco da súa morte para advertir como de fonda era a ferida política e ideolóxica que o distanciaba do autor do álbum *Nós*.

A través dos epistolarios mencionados é posible reconstruír algunhas liñas básicas dos proxectos en liza. O primeiro asunto que hai que dilucidar é que proxecto editorial foi primeiro, aínda que os datos dispoñibles non pasan de ser máis que opinións de parte. Pero é inevitable pensar que se trata de algo sorprendente que, once anos despois do parón producido pola Guerra Civil e oitenta despois das primeiras historias xerais de Galicia (Vicetto e Murguía), aparezan de repente dúas empresas que pretenden publicar, en varios volumes e con autoría colectiva, unha historia xeral de Galicia. Parece evidente que non se trata de ocorrencias azarosas, senón dun exercicio de competencia grupal dentro dun campo cultural compartido na procura da hexemonía sobre el. Para analizar este proceso, abondará con examinar as datas das decisións tomadas, a identidade dos colaboradores e a financiación dos proxectos. Un segundo cotexo de interese será o enfoque de cada un dos proxectos e mesmo o método de traballo ensaiado, o que talvez explique os resultados logrados. Penso que coa información actualmente dispoñible se pode confirmar e revisar a interpretación que, fundada basicamente no epistolario cruzado entre Otero e Filgueira, elaborei hai máis dunha década sobre este asunto (Villares, 2007).

De forma paralela á *Historia de Galiza*, vai saíndo á luz o proxecto denominado *Galicia histórica* que apadriñaba o Instituto P. Sarmiento, que parece unha resposta á iniciativa chegada de América. Así llo conta Filgueira a Sánchez Cantón nunha carta do 28/1/1948: «esta carta lleva selo de urgencia para que tengas noticia de la iniciativa que trajo de América Otero Pedrayo», engadindo que é

coñecedor do proxecto pola carta de invitación remitida por Otero pedindo a colaboración de Filgueira e de varios compañeiros máis do vello Seminario. Porén, Filgueira suxire que pode haber unha converxencia entre os dous proxectos, porque eles levan a dianteira: «hemos sido los primeros». Para Otero Pedrayo, aquela incómoda situación fora debida a unha filtración, quizais involuntaria, de dúas persoas distintas: Manuel Chamoso Lamas, conectado co grupo de Ourense (Otero), e Iglesias Vilarelle, conectado co grupo de Pontevedra (Filgueira). O propio Otero, nunha longa carta a Filgueira, se queixa amargamente da coincidencia, ao ter constancia de que moitos nomes en que pensara para escribiren capítulos da súa Historia estaban xa contactados (aínda que non formalmente) polo grupo de Filgueira e Cantón, o que atribúe a unha influencia maliciosa: «sempre a negra sombra de algo de Madrid e ise respeito oficial». Parece estar pensando en Sánchez Cantón, con quen tiña unha relación algo distante pero non rota, pois informou favorablemente a súa viaxe a Buenos Aires a pedimento do Ministerio de Asuntos Exteriores español.

Que os proxectos eran coetáneos está suxerido na propia resposta de Filgueira a Otero: «fai un mes» podería ter aceptado. Agora ben, ¿cando se organizou o plan do Sarmiento? De dar creto á carta («antolóxica», segundo Filgueira) que Sánchez Cantón lle envía a Otero, a prioridade era clara: «le supongo enterado por amigos comunes de la génesis» da obra do Sarmiento, tramitada no Patronato Menéndez Pelayo do CSIC, «la antevíspera de tener, por carta de Filgueira, la primera noticia de la idea del Sr. Puente» (1/2/1948). Aínda que Filgueira insiste en que eles foron primeiros, non parece clara a precedencia, por máis que trata de escusar a Otero Pedrayo con estas palabras: «quien no supiera que Otero es incapaz de dobleces ni de maniobras, pensaría que se trataba nada más que echar a pique todo lo pensado por nosotros» (28/1/1948). Que foran os primeiros en pensar o proxecto pode concederse porque entre Filgueira e Cantón xa falaban de algo semellante en 1935 e, alén diso, estaban traballando no proxecto de Bibliófilos Gallegos, pero que tivesen aprobado formalmente, antes de filtrarse a iniciativa de Otero Pedrayo, a *Galicia histórica* no seo do Instituto Sarmiento en Santiago e do CSIC en Madrid é cousa diferente porque, segundo as súas datas, non foi ata fins de decembro de 1947 cando tomaron esa decisión corporativa.

O sangue non chegou ao río, porque Otero recusou ir á «guerra», de modo que ambos os proxectos comezaron a camiñar durante o ano 1948, coa concien-

cia de ser unha oportunidade para competir, porque «no hay cosa buena sin dificultades», di Filgueira. Pero embazaban en dúas pedras ou tropezos: a coincidencia de autores, que podería favorecer unha converxencia (como quería Otero) e o enfoque dado a cada un dos proxectos, que os diferenciaba netamente no método de traballo e, desde logo, no seu compromiso coa lingua. No proxecto de Cantón-Filgueira «el vehículo expresivo no sería el gallego», mentres que o propio Puente, sen dúbida esporeado polo exemplo de Castelao, lle comunica a Otero en data ben precoz que «indispensable es que [la obra] debe ser totalmente en gallego» (30/11/1947). Que eran dous proxectos diferentes era claro tanto para Otero como para Filgueira, quen confiaba en que «la multiplicidad abre mercado y, lejos de estorbarse (...), la historiografía gallega no irá perdiendo nada» (29/1/1948).

A coincidencia de colaboradores foi unha das espoletas que fixo saltar as alarmas. Otero e o seu grupo asesor de Ourense botan man do elenco de antigos membros do Seminario de Estudos Galegos (Filgueira, Bouza, Carro, Pedret, Fraguas...) con algunha achega externa, limitada ao autor do capítulo de «historia do idioma», que inicialmente pensaran encargárllelo aos académicos da RAE Vicente García de Diego ou Dámaso Alonso. Como se sabe, o autor escollido finalmente foi o poeta e latinista Aquilino Iglesia Alvariño, que chegou a redactar o seu capítulo pero que non foi publicado na obra dirixida por Otero Pedrayo, polas razóns que se dirán. En quen pensaban Cantón e Filgueira? En nomes de antigos «seminaristas», pero recorrendo tamén a persoas pouco ou nada comprometidas coa cultura galega, como Álvaro d'Ors, Emilio Sáez, Santiago Montero Díaz ou Luis Vázquez de Parga. As cartas de convite de Otero e de Cantón-Filgueira chegaron de forma coetánea aos mesmos destinatarios, pero a resposta maioritaria (salvo «los de Orense que no pertenecemos al P. Sarmiento») foi de aceptar a proposta que procedía do Instituto P. Sarmiento e das instancias oficiais do réxime, desde Bouza Brey ata Antonio Fraguas e os cregos composteláns Portela Pazos ou Xesús Carro, que conciliaban con dificultade as súas pescudas históricas coas «horas de rezos», como ironicamente sostiña Otero Pedrayo. En todo caso, no prólogo escrito moito antes de ser publicado (probablemente cara a 1954), Otero menciona *expressis verbis* a maioría dos autores que, aínda que aceptaran o encargo, non consta que lle entregasen os seus textos, desde Bouza, Pedret ou Carro ata Filgueira, Fraguas e, desde logo, Aquilino Iglesia.

O máis rechamante é comprobar en que medida a maioría dos antigos membros do Seminario de Estudos Galegos escolleron de primeiras o proxecto do Sarmiento (están «casi todos» diría un Otero claramente desgustado), que se escusaron de modo pouco crible. Un mesurado Filgueira parodiou con certa verosimilitude estas escusas nunha carta ao amigo Cantón, datada ao día seguinte de lle dar a noticia de que existía o proxecto de Otero Pedrayo, o que permite pensar que a *Galicia histórica* do Sarmiento estaba falada con persoas como Paulino Pedret, Xesús Carro ou Fermín Bouza. Naquela parodia, Filgueira pon na boca de Bouza esta escusa, porque lle parece a máis atinada: «pódense faguer as dúas cousas e unha sirve para a outra: unha é máis curta e outra, máis ampria; unha en galego, outra en castelán; unha véndese aquí, outra soio alá. Poden escribirla os mesmos» (Filgueira a Cantón, 29/1/1948). Outras escusas eran algo máis cínicas: «la Historia de Galicia en cinco tomos tendrá mejor venta precedida de los dos volúmenes de la Galicia histórica», afirma Sánchez Cantón na «antolóxica» carta a Otero, sen data pero anterior ao 15 de febreiro de 1948.

Infelizmente, nada disto acontecería: nin saírían á par, nin se completaría o plan previsto, nin podían entenderse como obras complementarias, tanto na escolla dos autores como nos seus enfoques historiográficos. No fondo, a reacción do grupo do Sarmiento perante a iniciativa «americana» foi máis unha cuestión de «ciumes dos virtuosos da ciencia oficial» (Paz-Andrade a Otero, 4/5/1948) que expresión dunha confrontación intelectual. Eles posuían maior fortaleza institucional e amparo político, pero carecían da ilusión que, malia a súa idade, era capaz de transmitir Otero Pedrayo, que con frecuencia aludía á superioridade da «cousa xurdía» que estaba dirixindo fronte a outra que, definida como un «manual», non chegaba ao nivel dun libro de Historia e ben podía escribirse en poucas semanas. De feito, o grupo de Ourense aceptou tamén participar oficialmente no proxecto da *Galicia histórica* porque, a xuízo de Otero, era preciso «conservar unidad por lo menos en torno a la cultura», pero tamén porque «no pudimos decir que no» (13/7/1948). Á inversa, a actitude non sería tan elegante.

MÉTODO E CONTIDOS

Deixemos por agora estas comparanzas para nos concentrar no modo de traballo e nos enfoques da «grande historia» que dirixía Otero Pedrayo. Desde logo, o

plan inicial non podía ser moi orixinal na súa estrutura cronolóxica, pero era algo máis innovador nos contidos e no método de traballo que debían seguir os diversos colaboradores. Pensada a obra para ser editada en catro volumes dunhas 800 páxinas (cinco, segundo suxestión de Puente), a súa periodización interna concedía unha grande importancia á época medieval, destinando só un dos volumes para os séculos posteriores ao XVI. Para o século XVII, segundo recoñecía o propio Otero, existían poucas fontes e menos especialistas, pero a partir da época da Ilustración os contidos xa eran algo máis acordes coa historiografía daquela época, que el mesmo trataría de aplicar: «procuraré hacer la historia [séculos XVIII-XIX] de una manera orgánica y viviente, ahondando en las clases sociales, en la trabazón de la economía, las creencias, las preocupaciones y costumbres, en la difusión de los nuevos conceptos, en la evolución de las formas...». Deseguido, un exultante Otero confesáballe a Puente que «desde la de Murguía no se ha inventado nada parecido» (5/1/1948). Se así acontecese, tería sentido esta afirmación oteriana, pero esta distribución temática está bastante afastada do que sería a versión final, na que, dos tres volumes publicados, dous deles se dedican ao que poderíamos chamar «caracteres xerais» da historia e da cultura galega (xeografía, xeoloxía, etnografía espiritual e material...) e un á prehistoria. Ficaría fóra da obra toda a época romana, medieval e moderna, aínda máis claramente que na obra de Murguía, que, no seu «Discurso preliminar» de 1865 ou no *Galicia* de 1888, incluíu unha versión global da historia galega que aínda segue a ter interese para un lector actual.

Con independencia dos resultados publicados, estimo do maior interese rescatar algúns trazos do método de traballo que trataron de levar a cabo Otero e, nomeadamente, Ferro Couselo. A formación historiográfica do patriarca de Trasalba fora basicamente literaria, mesmo na súa comprensión e explicación do devalar histórico. Pero a compañía do arquivista Ferro, perito no manexo das fontes documentais medievais, achegou unha das grandes conquistas do Seminario de Estudos Galegos: a investigación sobre fontes directas (arqueolóxicas e documentais) e a práctica erudita de facer «papeletas», isto é, fichas bibliográficas e documentais que permiten facer textos máis precisos, con citas de rodapé e capacidade de dar conta do «estado da arte» na materia de que se trate. Esta metodoloxía foi a que se lles propuxo aos autores desta obra e tamén a que comezou a ser usada por Otero Pedrayo nas súas publicacións dos anos cincuenta a

setenta, como se pode ver nos artigos, entre outros, da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* ou, de modo especial, na súa obra dedicada ao século XVIII (*Síntese histórica do século XVIII*, 1969), que, non por acaso, debeu ser o resultado do traballo preparado para ser publicado no último volume desta *Historia de Galiza*.

A escolla dos autores, alén das coincidencias co plano da *Galicia histórica*, foi tarefa dificultosa, como toda obra colectiva. O mandato que lle transmitía Puente a Otero era que debía convidar a «los más capacitados, sin influencias amistosas o sentimentales» (30/11/1947) pero, unha vez que existía un proxecto alternativo, o propio Puente engadiu ao seu modelo de contrato a condición de que cadaquén «se compromete a no colaborar en ninguna historia general de Galicia mientras no salga a la luz la historia a que se refiere este contrato» (26/1/1948). Esta reserva non foi cumprida porque moitos autores, empezando polo propio Otero, compartían os dous proxectos, por máis que as colaboración cruzadas — e publicadas— non apareceron na edición americana da *Historia de Galiza* e, desde logo, tampouco na *Galicia histórica*, que, como tal, non saíra a lume ata 1977, co amparo da Fundación Barrié de la Maza.

Unha das orixinalidades da obra de Otero Pedrayo foi, sen dúbida, o compromiso de Puente de financiarla en todo o seu percorrido, pagando dirección e dereitos de autor, autorizando viaxes de investigación aos arquivos e bibliotecas e, finalmente, sufragando a edición e impresión da obra. Na ausencia dun apoio institucional ou da posibilidade de obter bolsas ou axudas de investigación, o mecenado de Puente merece ser considerado na súa propia dimensión, sen que poida compararse a outros exemplos coetáneos de empresarios que destinaban inmensos recursos á cultura, desde os Huntington americanos ao Francesc Cambó catalán. O caso de Puente non é comparable en termos absolutos, pero probablemente o sería en termos relativos. El foi presidente da Comisión pro-Consello de Galiza, aínda que os subsidios de Puente e do seu grupo de amigos eran pouco máis que simbólicos (Villares, 2017). Pero o compromiso de Puente, alén deste proxecto da *Historia de Galiza*, alongouse a outros campos, entre eles o soporte dado a Castelao, que foi mantido coa súa viúva Virginia Pereira ata a hora da súa morte.

No que se refire a esta obra histórica, o mecenado de Puente foi alén do que o propio Otero podería supoñer. Nalgunha carta advírtelle que actúe «sin economías ridículas» e que se asigne unha cantidade como director, o que non

consta que fixera («nada de necesidades», lémballe Puente aínda en febreiro de 1953). Nalgunhas cartas, tanto de Otero como de Puente, alúdese a un orzamento global de 140 000 pesetas, que Puente puxo en España por medio de Álvaro Gil e, en menor medida, de Vázquez de Calo (10/1/1959 de Puente e 26/2/1959 de Otero), sen contar os custos da edición. O valor do diñeiro era moi diferente para Otero que para Puente. Mentres este está alertando de modo constante sobre a inflación que padece a economía arxentina, para Otero «el valor monetario solo se percibe en el valor de las cosas» dado que, «como no ocurra un cataclismo, las pesetas son las mismas hoy y cuando sea» (26/1/1948). En que se gastaron estes recursos non está detallado na correspondencia, pero cerca da metade foi destinada ao pago de mapas e ilustracións que foron enviadas a Buenos Aires, en tal cantidade que o propio Puente pensou encargarlle a Seoane un libro de mapas de Galicia. Outro capítulo importante foi sufragar os gastos de viaxe a arquivos, dentro e fóra de Galicia, para estudar as épocas medievais e modernas, porque, en palabras de Otero, «lo duro, lo enorme, lo desconocido empieza con la Edad Media y crece en proporciones pavorosas en los siglos XVI y siguientes» (26/3/1949).

Naquela altura informa Otero de que, con Ferro Couselo, efectúa viaxes a arquivos na procura de documentación para a escrita dos seus volumes, que no caso de Ferro tería concreción na súa obra *A vida e a fala dos devanceiros*, publicada pola Fundación Penzol en 1967 case ao tempo que o libro de Otero sobre o século XVIII era publicado por Galaxia. Ambos poden considerarse resultado das pescudas emprendidas para os volumes da *Historia de Galiza* que nunca foron imprentados. Pero as visitas aos arquivos foron realizadas como se se tratase dun moderno proxecto de investigación. A diferenza de Ferro, Otero non estaba moi afeito a traballar nos arquivos, que describe como lugares escuros e húmidos, onde hai «un frío tolledor». Para evitar estas incomodidades, Otero proponlle a Puente adquirir —como «material inventariable», diríamos hoxe— un aparato de microfilmación, que describe como «unas máquinas cinematográficas admirables» coas que sería posible dispor dun «arquivo vivo», como existía daquela na Universidade de Coimbra. Unha vez máis, a emulación da *Galicia histórica* servía de acicate, pois sabían que Filgueira andaba en tratos «con el Estado» para adquirir un aparato análogo con destino ao Museo de Pontevedra e tamén ao Instituto P. Sarmiento (26/3/1949). A información era verídica,

porque cara a xaneiro de 1949 unha carta de Filgueira a Felipe Cordero Carrete, que traballaba no I. P. Sarmiento e en Bibliófilos Gallegos, anuncia que «nos mandarán los aparatos de lectura de micro-filme en cuanto se pidan», tanto para Pontevedra como para Santiago, o que lles permitirá dispor de miles de documentos sen ter que ir, como tivo que facer o medievalista Emilio Sáez, persoalmente a Coimbra (Fondo Filgueira, carp. Carrete, 1944 e ss.). Aínda que non pase de ser unha anécdota, esta comparanza mostra o carácter público e privado dos dous proxectos.

Os contidos da obra ficaron claramente descompensados por non lograr levar a cabo o plano inicial, como xa adiantamos en páxinas anteriores. Non é doado situar no seu contexto historiográfico os textos que compoñen os dous volumes publicados en 1962, porque non só se ocupan de saberes diferentes senón porque reflicten máis os tempos do Seminario de Estudos Galegos que os ritmos da investigación histórica que se facía, sen ir máis lonxe, na España dos anos corenta e cincuenta. Predominaba daquela unha historiografía política, con forte peso da época medieval e moderna (en especial, do americanismo), pero tampouco se abandonara o interese pola prehistoria e as pescudas arqueolóxicas: nunha análise cuantitativa dalgún centro de estudos locais entre 1953 e 1966, os períodos medieval, moderno e prehistórico figuran case á par nas súas publicacións (Marín, 2004: 146).

No seu texto liminar, Otero Pedrayo fai un esforzo por inserir a *Historia de Galiza* no longo panorama da historia da historiografía galega, comezando en Paulo Orosio e chegando ata as obras cimeiras de Murguía, Vicetto e López Ferreiro. Non deixa a ninguén fóra pero, en troques, tampouco hai unha proposta nova. As ideas básicas son aquelas que marcaban as grandes liñas dos seus textos ensaísticos da preguerra, que aquí denomina o «esprito guieiro» co que os autores deben explicar «os fitos sinalados a ista Terra nosa no concerto dos pobos da cultura occidental». Idea que está presente en *Morte e resurrección* ou no *Ensayo histórico*, eixes sobre os que xira unha verdadeira teoría interpretativa de Galicia como nación-cultura (Otero, 2020). Neste prólogo da *Historia de Galiza*, o patriarca de Trasalba reitera máis unha vez o peso dos primeiros pasos da poboación sobre o territorio, cando se forma propiamente unha conciencia histórica, a partir de «aquil fogo primeiro da ara e do fogar contra as tebras e a morte».

O *AFFAIRE* AQUILINO

A participación de Aquilino na obra dirixida por Otero Pedrayo merece unha breve explicación, alén do que significa que sesenta anos máis tarde o seu traballo deixe de ser o elo perdido daquel proxecto. O primeiro asunto é saber cando e como Iglesia Alvariño foi convidado a escribir o seu texto sobre a lingua galega e cal era o status deste poeta e latinista no seo da cultura galega nos anos corenta. Como xa indicamos antes, o nome de Aquilino é citado nas relacións epistolares entre Otero e Puente, pero tamén nas que se cruzan entre Filgueira e Sánchez Cantón e, desde logo, nas que lle escribe ao propio Otero, que superan a trintena, desde a primeira en 1930 ata a última en 1961, ano da súa morte. Aquilino establecera relación con Otero cando aínda estaba no Seminario de Mondoñedo a través de Noriega Varela e mantivo unha regular relación epistolar durante os anos da guerra ata súa morte, dirixíndose sempre ao patriarca de Trasalba como «amigo» e «mestre». Otero foi un dos promotores para que Aquilino ingresase, antes de ter cumpridos corenta anos, na Real Academia Galega e foi tamén quen lle deu resposta ao seu discurso de ingreso, pronunciado en abril de 1949.

Pero Aquilino tamén contaba para o grupo de Filgueira e Cantón. Nun dos planos da *Galicia histórica*, elaborado por Filgueira a principios de 1948, está incluído Iglesia Alvariño como responsable do último capítulo daquela obra: «Las letras en la primera mitad del siglo XIX», encomenda que non consta que cumprise nunca, nin mesmo que o intentase. O autor figura como un «licenciado en Filosofía y Letras», pero ao ano seguinte falan entre eles do «éxito oposicionístico» de Iglesia Alvariño nas cátedras de Latín, aínda que quedara detrás de «Díez y Díez [*sic*], el gallego que ganó el número uno en las oposiciones de Aquilino» (2/3/1949). Con anterioridade a estas datas, Aquilino é mencionado varias veces no epistolario de Sánchez Cantón e Filgueira, aludindo claramente aos seus contactos ou amizades con membros do exilio como Núñez Búa, que debía coñecer da súa época de Vilagarcía. Pola súa banda, Aquilino tamén envía unha estraña carta a Otero, para ser entregada cando chegase ao Centro Galego de Buenos Aires, na que lle pide que saúde no seu nome a Pepe Núñez, Luís Seoane e Manuel Colmeiro, así como aos seus paisanos de Abadín, «meus amigos dos tempos nenos» (19/6/1947).

Como se ve, o nome de Aquilino estaba presente no pensamento de varios dos protagonistas dos dous proxectos historiográficos e culturais, como poeta e profesor e mesmo como peticionario dunha bolsa de viaxe de estudos para ir a Coimbra, segundo informa Filgueira. Tamén era membro do Instituto P. Sarmiento e o celebrado tradutor das *Odas* de Horacio, que foron editadas en Bibliófilos Gallegos en 1951. Ao tempo, recuperou a amigable relación con exiliados galeguistas de Buenos Aires, cos que mantivo correspondencia particular, como se pode comprobar no caso de Luís Seoane, entre outros. A incorporación ao plantel da *Historia de Galiza*, recusando a previsión de escribir sobre as letras galegas no século XIX, debeu ser feita no ano 1951, pois en cartas a Otero do ano 1952 recoñece a encomenda feita, pero xa alerta de que non dá acabado de redactar o seu texto porque «non rindo nada en traballos de encarga e penso non facerme cargo doutro na miña vida» (8/5/1952). Así seguiría uns meses, ata que durante o ano seguinte fai entrega do seu orixinal ao director da obra. Non foi o último en entregar porque, á altura de xaneiro de 1953, ninguén dos autores previstos para o primeiro volume entregara os textos pedidos.

O segundo asunto é saber por que o traballo de Aquilino non acabou sendo publicado no primeiro volume da obra, que era onde estaba previsto que se integrase e onde máis acadamente podería figurar. Sobre o texto de Aquilino fixo o grupo de Ourense algunhas observacións, como evitar castellanismos tal que «gallego». Meses máis tarde, Otero admite que «o traballo de H^a da Lingua puidose mandar [por mediación de Perfecto López] e non se mandou porque Ferro e eu estimamos que cumprían algunhas modificacións», engadindo nesta misiva a Puente que «eu arranxarei o asunto —cousa delicada— co autor, home sabio e bon que ten as suas rarezas» (21/12/1953). A partir desta data ata os meses anteriores á morte de Aquilino, pasaron varios lances que foron adiando o traballo do filólogo, entre os que cómpre salientar un longo informe sobre o mesmo, no que o texto de Aquilino é alcumado de «derrotista» e de «antipatriótico», o que foi interpretado do modo máis esquinado. Unha opinión moi serodia de Fernández del Riego (2010) sostén que aquel texto nunca fora enviado a Buenos Aires, de modo que a censura dos seus contidos sería feita desde a contorna de Otero Pedrayo, na propia Galicia, sen ser coñecida a súa autoría concreta. Prada menciona nunha carta a Piñeiro como a persoa que dera a voz de alarma sobre a necesidade de revisar aquel texto que, na opinión de Prada, era

máis acaído para ser publicado na editorial Gredos que na obra de Otero Pedrayo, como se sostíña no «informe que se lle mandou [desde Buenos Aires] a don Ramón cando se refugou» (1/5/1962). Moito antes desta data, Puente aludira nunha carta a Otero que «houbo que sufrir a violencia de ter que refugar e devolverlle a vosté o esventurado traballo de Aquilino encol do idioma, polo espírito antipatriótico que zumegaba e polos conceutos desprezativos pra a nosa fala que contiña», engadindo a pregunta de se lograra que o autor «refixese o traballo encol da lingua» (10/1/1959).

Aquela revisión non se levou a cabo, pero Otero non perdeu relacións nin diálogo con Aquilino despois deste desacordo. Desde logo, seguiu insistíndolle en que a acometese, que o autor nunca negaba: «é que bulo menos que unha araña», malia que sabía que «prescindían del, visto que non gustara [o texto]» (26/6/1957). Aínda en 1961, nas vésperas de entrar en imprenta os dous volumes primeiros, tiña mentes o poeta de Abadín da mala posición en que estaba: «dime que se agarda polo meu traballo sobor da historia da nosa lingua, e esto arrepiame», de modo que solicita que se inclúa o seu texto nun volume posterior, dado que «son o primeiro en desear ve-la feita [a historia da lingua], pero feita como eu a vou pensando, ó meu xeito, xa que non poida decir cómo se debe». Ese xeito sería o propio de Castelao, «adiviñador de Galicia e de toda a súa verdadeira historia dolorosa» (30/4/1961). A imprevista morte de Aquilino meses máis tarde deixou en suspenso tanto a antiga versión como a nova que aquí anuncia, ficando o «famoso» traballo sobre a lingua nunha carpeta na súa morada familiar de Compostela.

O propio Otero, que falara en Santiago con Aquilino dous días antes da súa repentina morte, seguiu dándolle voltas ao texto en varias cartas a Lois Tobío, xa metido de cheo na edición da obra en Montevideo. Nunha delas, Otero atrévese a suxerirlle que «as modificacións no traballo de Aquilino debíaa facer Vde., que está na xornaleira relación co senso e co espírito dos emigrados, de isa rexa Galiza. Pois coido que debe ire no principio da obra» (5/11/1961). Como é sabido, Tobío non atendeu —ou era extemporánea— esta suxestión, pero permite entender que as correccións debían adaptarse tamén ao punto de vista dos emigrados, o que explica que o percurso seguido polo texto de Aquilino foi máis complexo do que supoñía o propio autor e mesmo o director da obra, dado que a crítica pola ausencia de «pulo patriótico» era compartida a unha e outra

beira do Atlántico. Aínda que nunca foi desbotado para a súa publicación, o desánimo do autor non permitía esperar que o contencioso se resolvese cunha simple corrección do seu léxico. A súa morte deixou orfo o capítulo da lingua, que tan ben cadraba cos contidos daqueles dous primeiros volumes que pretendían presentar de forma global os caracteres básicos e mesmo orixinarios da cultura galega.

«ABRENTE RAIOSO» OU «ACORDE EPILOGAL»

A alegría de Otero cando ollou os dous primeiros volumes era comprensible e a metáfora empregada para expresar a súa emoción foi a propia dun autor que sempre preferiu a fartura romántica dun Herder á rixidez interpretativa dun Kant, por falar de dous ilustres nomes asociados coas cidades bálticas de Riga e Koenisberg, cuxas obras desigualmente frecuentaba. A idea dun «abrente raioso» ten que ver coa esperanza de Otero de que a obra fortalecese a nova renacementa que asociaba aos «tempos de Castelao», nos que a historia debería proporcionar un novo senso para «un pobo, unha cultura, unha patria». Pero Otero tamén era consciente das débedas que a obra tiña do legado do Seminario de Estudos Galegos e, neste sentido, tamén podería cualificarse de «acorde epilodal», por usar termos moi empregados polo autor de Trasalba. Por esta dupla razón, esta obra pode considerarse, no plano historiográfico, tan serodia como singular.

Os contidos publicados nos seus tres volumes remiten a traballos que foran concibidos nas xeirias de estudo que alentou o Seminario e que trataban de construír un edificio cultural de acordo coas esixencias da ciencia dos primeiros decenios do século vinte: positivismo erudito, interpretación individualizadora, atención ao peso do espazo e do determinismo da Terra e, como complemento, un esforzo de interpretación de Galicia como unha cultura cristiá de Occidente. Alén diso, o obxectivo do Seminario de Estudos Galegos foi dar cobertura científica ao proxecto nacional de Galicia, desde a historia documental, a arqueoloxía ou a etnografía, á filoloxía e as ciencias da terra, como a xeoloxía. Era o que, de modo análogo, trataron de facer o Centro de Estudos Históricos, dirixido por Ramón Menéndez Pidal, ou o Institut d'Estudis Catalans, deseñado por Josep Pijoan e o mozo Eugeni D'Ors na primeira década do século XX. Neste sentido,

a obra dirixida por Otero Pedrayo ten máis de testamento que de enfoque propositivo cara ao futuro, por máis que de cando en vez a cualifique como «ista nova historia da Galiza» que algún día se rematará, «por quen sexa e sin moita tardanza», como asevera no prólogo.

Otero era prudente porque, no fin de contas, foi capaz de ver publicados os seus primeiros volumes e soñar un futuro para os restantes. E habería que engadir que foi obra de máis éxito e acaída ao momento en que saíu a lume que a súa competidora, a chamada *Galicia histórica*, que como tal non sería posta en marcha ata 1977, baixo o patrocinio da Fundación Barrié de la Maza, en cuxo primeiro volume reconece Filgueira que a súa preparación «se empezó en el año 1948», pero que ficou «diferida» por carencia de medios, malia ser concibida con apoio institucional e uns recursos técnicos que eran a envexa de Otero e de Ferro Couselo. Con maior peso erudito e con investigacións feitas desde os anos corenta, a obra dirixida por Filgueira nin é un abrente nin tampouco un epílogo, senón unha expresión da abondosa historiografía local española que promoveu o CSIC desde a súa fundación, nomeadamente por medio da rede de centros locais a través do que se ten chamado o «modelo Quadrado», en alusión ao nome do padroado que os coordinaba (Marín, 2004: 107 e ss.). De feito, na *Galicia histórica* non está recollida, nin nos enfoques nin nos autores, toda a renovación historiográfica que tivo lugar desde finais dos sesenta na universidade compostelá, especialmente nos campos da historia medieval, moderna e contemporánea, grazas a unha apertura á escola francesa dos *Annales* —que foi a preferida— e á influencia algo máis limitada da historia marxista. Pola contra, a obra de Otero Pedrayo ficou como o que quería Castelao: un referente simbólico para construír a identidade de Galicia, que mesmo mereceu unha exitosa reedición nos tempos da transición democrática.

Pódese concluír recoñecendo que, malia as dificultades na recepción dos orixinais e as mudanzas do sector editorial na Arxentina, o proxecto da *Historia de Galiza* de Otero Pedrayo é expresión da continuidade do legado de preguerra, mentres que a *Galicia histórica* tería sido o froito da ruptura con aquela tradición e da adaptación ao contexto cultural impulsado pola «ciencia oficial» da época franquista, nomeadamente por parte do CSIC, que foi a institución que organizou a investigación histórica local desde os anos corenta ata os sesenta, sobre todo no campo da publicística de revistas e monografías. Pero a cesura historio-

gráfica producida pola Guerra Civil acabou nun «burocratismo galopante» por parte do CSIC ou nunha «rutina universitaria» na investigación por parte dos centros de educación superior (Peiró, 2013: 65). Pola contra, a obra de Otero Pedrayo era máis auténtica nos seus contidos, como resultado coral dunha memorable xeración intelectual que, na parte historiográfica, traballara con criterio axeitado ao seu tempo no seo do Seminario de Estudos Galegos. Ademais, como diría Lois Tobío en 1979, nunha conferencia dedicada a analizar a xénese e o estilo do vello Seminario, toda aquela obra fora realizada «sin apoyos oficiales, sin necesidad de contar ni con César ni con Craso». Palabras certas dun fundador da institución.

Esta «grande e general historia» editada en América contou cun director que tiña non só liderado cultural, senón o compromiso moral de cumprir coa encomenda que lle fixeran Castelao e Puente, pero que foi parcialmente bloqueada na Galicia dos anos corenta. Unha década máis tarde, nunha carta a Filgueira, non deixa de se queixar Otero da situación arrastrada durante aqueles tempos: «non sei porqué a empresa xenerosa de D. Manuel Puente non esperta nas outas mentes galegas o entusiasmo agardado e merecido. Temos a febleza de perder o tempo en cousas miudas» (21/12/1957). A *Historia de Galiza* puido saír adiante grazas ao mecenado de procedencia americana, como acontecera con tantas outras iniciativas culturais galegas que, desde o século XIX, descansaran na achega de fondos procedentes de América, actuando a emigración como substituto da ausencia de apoio público (estatal ou local) na Galicia metropolitana. A esencia, máis que a materialidade, do soño de Castelao puido ser cumprida por medio de Otero Pedrayo e Manuel Puente e do máis sólido legado da xeración Nós, representados polos fundadores e algúns dos seus máis brillantes seguidores, como Xaquín Lorenzo (autor), Xesús Ferro Couselo (codirector) e Lois Tobío (coidador da edición). O «pastor de soños», que naquela altura descansaba na Chacarita, ficaría tranquilo, tal como imaxinaba o mecenas Puente cando a el lle chegaron os volumes desde Montevideo, portados polo fiel Xosé Benito Abreira. Era nunha carta sen data mandada a Trasalba: «entre bágoas, foliabaos (...) e entre os libros e eu andaba o espírito de Castelao, que eu via sorrinte e satisfeito (...). O meu compromiso coa Patria está cumprido». As bágoas de tristura daquela despedida viraron en bágoas de alegría.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé / Ramón OTERO PEDRAYO (2009): *Epistolario*. [Edición de María Xesús Fortes e estudo preliminar de Ramón Villares]. Pontevedra, Museo de Pontevedra.
- MARÍN GELABERT, Miquel (2004): *Los historiadores españoles en el franquismo, 1948-1975. La historia local al servicio de la patria*, Zaragoza, Instituto Fernando el Católico.
- OTERO PEDRAYO, Ramón (1952): *Por os vieiros da saudade*, Vigo, Galaxia.
- OTERO PEDRAYO, Ramón ([1933] 2020): *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*. [Prefacio de Ramón Villares. Edición e notas de Xosé Antón López Silva]. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- PEIRÓ, IGNACIO (2013): *Historiadores de España. Historia de la Historia y memoria de la profesión*, Zaragoza, Prensas Universitarias,
- PUENTE, Manuel (1958): «Otero Pedrayo, mensaxeiro da cultura galega», en *Ramón Otero Pedrayo. Homenaje da Galicia universal. A súa vida e a súa obra*, Caracas.
- SÁNCHEZ CANTÓN, Franciso Javier / Xosé FILGUEIRA VALVERDE (2017): *Cartolatría. Epistolario*. [Edición de María Xesús Fortes e estudo preliminar de José Carlos Valle]. Pontevedra, Deputación Provincial, 3 vols.
- VILLARES, Ramón (2007): «Un mecenado porteño para a cultura galega: A *Historia de Galiza* de Otero Pedrayo», en Ruy Farías (comp.), *Buenos Aires Gallega. Inmigración, pasado y presente*, Buenos Aires, Comisión para la Preservación del Patrimonio Histórico, 279-287.
- VILLARES, Ramón (2017): «O Consello de Galiza na estratexia dos exilios ibéricos, 1939-1950», en Ramón Villares e Xosé Manuel Núñez Seixas (eds.), *Os exilios ibéricos: unha ollada comparada. Nos setenta anos da fundación do Consello de Galiza*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 15-93.